

## **“Un oficio para ser feliz (e para axudar a cambiar o mundo)”**

***Escola de Maxisterio de Lugo/4 de outubro de 2007***

*María Dolores F. CANDEDO GUNTURIZ  
Universidade da Coruña*

“Un oficio para ser feliz (e para axudar a cambiar o mundo)”, conferencia pronunciada por Agustín Fernández Paz na antiga Escola de Maxisterio de Lugo – hoxe Facultade de Formación do Profesorado- o catro de outubro de 2007, dirixida ao alumnado que comezaba daquela os seus estudos de maxisterio, é o texto que dá pé a esta presentación.

Descoñecendo a razón desta escolla entre os moitos documentos, relatorios e achegas que nos deixou o mestre Agustín, o certo é que reflicte sinteticamente parte da súa biografía e do seu pensamento como docente, activista da renovación pedagóxica e da galeguización do ensino.

Unha das facetas de Agustín ten que ver precisamente con ese activismo que o acompañou ao longo da intensa vida e que é unha expresión máis da súa xenerosidade. Cóntanse por centos as intervencións de Agustín en resposta ao chamado dos centros escolares, das bibliotecas, dos equipos de normalización lingüística, das facultades de educación, dos movementos de renovación pedagóxica, das asociacións... en definitiva, de calquera institución ou entidade cívica que procurase nel un discurso atento a alentar un traballo pedagóxico cargado de sentido transformador e de compromiso co país, do que el era, e é, un referente indiscutible.

Agustín Fernández Paz foi quen de desenvolver ao longo da súa vida diversas facetas de traballo, o que revela en primeiro lugar a súa inxente laboriosidade e, paralelamente, o seu infatigable labor de proposta en calquera dos ámbitos nos que se moveu, de xeito que podemos atopar fíos de esperanza na transformación social nas súas reflexións como docente e animador da renovación pedagóxica, no seu traballo como editor de materiais educativos anovadores e xaora, nas historias que os seus relatos debuxaron, mesmo naquelas que retrataron o mundo sombrío da barbarie.

Comezando polo seu segundo oficio, e en tanto que prolífico escritor, foi quen de engaiolar a un lectorado de moi diferentes idades que nas súas obras atopaba elementos críticos e reflexivos sobre temáticas que requiren da nosa sensibilización e da mudanza de actitudes: o respecto polo medio ambiente, o protagonismo feminino baixo unha nova mirada de xénero, a necesidade de non dar ao esquecemento a nosa propia historia... entre outros moitos temas de interese

social. Fíxoo ademais sen ningunha pretensión de “didactismo”, desá maneira natural, sinxela e reflexiva coa que Agustín contaba as realidades máis complexas.

Se atendemos ao seu oficio primeiro, o de mestre, que é ao que se refire este documento, e que contén trazos da súa biografía apoiada en reflexións que só agroman coa perspectiva do tempo, recoñecemos sinais, orientacións mínimas, que o mestre renovador quere trasladar ao alumnado que comeza a súa formación docente. A primeira cuestión é o enfoque que Agustín presenta do oficio de mestre: un oficio para ser feliz (e para axudar a cambiar o mundo) –non fala de vocación, aínda que si de compromiso– lonxe do imaxinario tan pouco motivador e da falsa retórica que en moitas ocasións rodea a nosa profesión, para á que reclama que “deberían ser os mellores mozos e mozas os que se dedicasen á ensinanza”. Pronto debulla os elementos que poden procurar esa felicidade, canalizando a través do ensino as “ansias por axudar a cambiar o mundo” mediante o “contacto coas persoas, co coñecemento e co saber”. Agustín pon o acento neses momentos máxicos que depara a docencia, nos que se consegue espertar e compartir a emoción dunha nova descuberta e se respira un ar distinto na aula. Recoñecendo a distancia xeracional que o separa do auditorio, no contexto dunha época de grandes cambios, o mestre –daquela prexubilado– sinala os dous piares do seu oficio: a renovación pedagóxica e a recuperación lingüística e cultural do país. Lembra a escola da súa infancia, recoñecible nos trazos da educación propia do nacionalcatolicismo, e recorda tamén os anos de “normalista” nun tempo no que o “vello se resistía a acabar e o novo pugnaba por abrir camiño”.

Agustín reclámase parte dunha xeración que exerceu o seu maxisterio nunha escola herdeira do franquismo e que contribuíu de forma decisiva a cambiar algunhas cousas importantes. Ao longo da súa intervención vai ofrecendo as claves daquel traballo docente, centrado en fuxir do inmovilismo e ofrecer respostas pedagóxicas para unha sociedade máis avanzada que estaba por vir, mediante o traballo colaborador con outros mestres e mestras; a experimentación, combinando teoría e práctica; e as lecturas e contactos con referentes educativos diversos, internacionalmente recoñecidos. Cambiar a escola para que os cambios na sociedade –que estaban por chegar– tivesen máis efecto. Revela Agustín a esencia dese modelo educativo, plenamente vixente, e a cerna do compromiso docente que, tamén agora, será requirido en esta nova sociedade: “non vai ser a transmisión de coñecementos o que se vos pida. Pedirásevos que eduquedes, que aprendades a aprender, a desenvolver a intelixencia crítica ante a manipulación”. Na súa alocución diante dos aprendices de mestre ou mestra pásalles o testemuño, recoñecendo nelas e neles os protagonistas dos cambios que virán. Non se afasta do camiño, senón que cede o paso, propiciando un relevo xeracional necesario, mesmo facendo unha apelación respectuosa a recoller as bandeiras que seguen sendo válidas e ondear aquelas novas. Advirte das dificultades inherentes á profesión, convencido de que tamén agora a educación é o motor que move o mundo e que o traballo docente pode ser, por iso, apaixonante.

Recoñezo neste discurso de Agustín ao compañeiro activista que eu coñecín no seo de Nova Escola Galega, movemento de renovación pedagóxica que iniciou a súa andaina no ano 1983 grazas ao pulo xeneroso de moitos ensinantes que pretenderon xuntar forzas, daquela dispersas en colectivos sectoriais. Fala aquí, entre liñas e sen citar, do colectivo Avantar que agromou na comarca de Ferrolterra, no que Agustín, xunto a outros compañeiros e compañeiras, comezou o seu traballo a prol doutra escola, á medida dun país máis avanzado e dono de si. Eles foron parte dos pioneiros e pioneiras que, xunto a outros colectivos, propiciaron o comezo dun labor que tivo e ten distintas fronte: a procura dos sinais fundamentais dun modelo educativo asentado na defensa da escola pública e da galeguización do ensino; o fornecemento de ferramentas de planificación educativa coa vista posta na normalización do noso idioma e da nosa cultura a través da educación; a posibilidade dun traballo docente colaborador, que poña en valor a comunidade educativa e en sinerxía coa contorna comunitaria; a análise crítica dos materiais curriculares e a procura doutras propostas máis coherentes co modelo de escola que se defende; a aposta pola formación permanente do profesorado e doutros axentes educativos a partir destes trazos de identidade. En todas estas fronte traballou arreo Agustín Fernández Paz e prestou a súa voz e as súas reflexións a unha morea de causas comprometidas coa educación e co país. Fíxoo sen fachenda ningunha, sen procurar o merecido recoñecemento que se lle tributou en vida e que continuará alén destes tempos "líquidos" nos que moitos empeños resultan efémeros ou dunha caducidade calculada.

Para rematar quixera agradecer desde estas liñas á Revista Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación, a atención que desde as súas páxinas lle presta a Agustín Fernández Paz e a inclusión do documento dirixido a aqueles estudantes de maxisterio, permitindo así darlle continuidade ao seu soño -vivir na memoria dos outros- tal e como se recolle neste parágrafo da súa autoría:

"Porque ese é o destino que desexo para min: ser a Merla Vella que lles fala aos merliños na hora do solpor. Quero aprenderlles os nomes das cousas, contarlles as historias máis fermosas, facelos rir e emocionarse cos meus relatos. Será o meu xeito de descubririlles todas as marabillas que a vida garda para nós. E así seguirei vivindo durante moito tempo na memoria dos outros."

### **UN OFICIO PARA SER FELIZ (e para axudar a cambiar o mundo)**

Quero comezar as miñas palabras cun agradecemento ás persoas que pensaron en min para me dirixir a vós, mozas e mozos que comezades agora a vida universitaria. E que a comezades aquí, en Maxisterio, na que vai ser a vosa casa nos vindeiros anos. Hai uns meses estabades no bacharelato, con profesores coma min, que tamén dei o ano pasado 2º curso de bacharelato, preocupados por aprobar e pola proba de selectividade. Coñézovos ben, convivín con vós, sei o que se sente nunha etapa así. Mais agora as cousas son distintas. Rematar bacharelato e comezar

a universidade é pasar unha fronteira, un rito de paso. Comezades unha carreira e, aínda que parece importante, tanto ten se a escollestes como primeira opción ou se chegades aquí porque o azar así o quixo. Tanto ten, porque eu coñecín mestres magníficos que tamén comezaron sen saber ben onde se metían. O importante empeza agora, no camiño que ides andar ao longo destes anos. Ides abrir a porta dunha etapa moi importante que vos levará a unha profesión, a de mestre, que, se tivese que definir pola miña experiencia, diría que é «Un oficio para ser feliz (e para axudar a cambiar o mundo)».

Quen vos fala é unha persoa xa maior. Veño de prexubilarme, tras máis de trinta intensísimos anos no eido educativo en todos os niveis, desde 1º de Primaria ata 2º de Bacharelato. Se cadra algúns me coñecedes porque tamén escribo libros, e pode que léseades algunha novela miña. Se cadra, ata vos examinastes dela. Perdón! Eu só as escribín para que o pasásedes ben léndoas. Mais esa é outra faceta da miña vida da que hoxe non me toca falar. O certo é que deixei un traballo no que estaba moi a gusto para poderme dedicar con maior intensidade a outra actividade, a da escrita, que nos últimos anos me está a pedir máis e máis horas.

Hoxe estou aquí como unha persoa que decidiu facerse ensinante de xeito moi deliberado. Eu non son docente por azares da vida, senón por unha decisión moi meditada. Estudei Perito Industrial, o que hoxe chamades Enxeñeiro Técnico, e traballei nunha empresa en Barcelona. Alí, despois dun proceso de maduración, foi onde decidín que non quería gastar a miña vida facendo parafusos, ou coches, ou microchips, ou o que fose. Decidín que o que eu quería era ensinar, e iso levoume a facer primeiro os estudos de mestre e logo, coma vós, a licenciatura no que daquela se chamaba Ciencias da Educación.

Fíxeno porque intuía que as miñas ansias de axudar a cambiar o mundo podían atopar unha boa canle no ensino. E porque era un traballo no que, aínda que non gañase tanto coma no que abandonaba, ía poder estar en contacto coas persoas, co coñecemento e co saber. E porque me gustaba ensinar, transmitir coñecementos. Así pois, tomei a decisión de lle dar un xiro á miña vida. Hoxe podó dicir que non me arrepinto nada, e cada vez estou máis convencido de que deberían ser os mellores mozos e mozas de cada xeración os que se dedicasen á ensinanza. Porque a educación, por máis que a sociedade se empeñe ás veces en esquecelo, é a semente do futuro. Non son palabras ocas, é a realidade. O que din todos os indicadores do benestar dun país.

Nunca me arrepentirei do camiño escollido. Tiven moitas satisfaccións, aínda hoxe as sigo tendo, cando ás veces aparece un correo electrónico e é dalgún antigo alumno que o atopou vai ti saber como, e que me escribe para dicirme que non esquece aquelas clases. Tampouco non as esquezo eu. E non falo de cousas transcendentales, falo de anécdotas sinxelas, pero que son as que configuran unha vida. Algunhas lémbroas con emoción especial, como a explosión de aplausos cando Charlie descobre o billete dourado no envoltorio da chocolatina (aque-la

semana de 1984 estabamos lendo, na miña clase de 4º de EXB, a capítulo por tarde, Charlie e a fábrica de chocolate de Roald Dahl). E tamén foi unha clase inolvidable aquela do ano 1996 na que, fascinado polo conto que lera a noite anterior, decidín ocupar a hora enteira léndolles aos meus alumnos de bacharelato o relato «A lingua das bolboretas», de ¿Que me queres, amor?, o libro de Manuel Rivas que logo acabaría obtendo o Premio Nacional de Literatura e dando lugar á película de José Luís Cuerda. Empecei a ler e, durante un tempo, os murmurios ou as miradas baleiras de atención continuaron presentes na aula. Pero, a medida que avanzaba no relato, a medida que asistíamos ao drama humano que significou a Guerra Civil en Galicia, os murmurios desapareceron e todas as miradas se cargaron de atención. Nas páxinas finais, a emoción do conto estendérase por toda a aula. E cando finalicei a lectura, coa clase paralizada e silenciosa, non era só eu quen tiña un nó na gorxa.

Gustárame falarvos de como me fixen mestre, do que significou esta profesión na miña vida, das luces e das sombras, que de todo houbo, do sentido que tiña a profesión de mestre cando empecei e do sentido que ten ensinar na actualidade, da miña experiencia e do voso futuro.

### **Unha época de grandes transformacións**

Eu pertenzo a esta época, coma vós, pero veño doutra, e fun testemuña de grandes transformacións, en particular do que deu de si a renovación pedagóxica na Galicia destes últimos 30 anos. Se tivese que resumilo todo, diría que a miña práctica docente sempre estivo guiada por dous eixes, indisolubles como as dúas caras dunha moeda: a renovación pedagóxica e a recuperación lingüística e cultural deste noso país.

Pertenzo a unha xeración que os antropólogos deberían comezar a estudar con urxencia, a derradeira que pasou a súa infancia sen a presenza da televisión. Cando morramos nós, non quedará ninguén para documentar isto, que tan estraño lles resulta aos nenos e nenas de hoxe, que medran en casas ateigadas de pantallas de todo tipo.

Nestes anos o panorama mundial experimentou un cambio de gran calado, dos maiores na historia da humanidade: asistimos a unha progresiva mundialización da economía, cunha desaparición das fronteiras para os mercados financeiros, que dominan xa por riba dos gobernos e impoñen a súa lei. A economía parece rexerse só pola lei da obtención das maiores ganancias, sen importarlle os dramas humanos, culturais ou ecolóxicos que poida producir.

Tamén o noso país e a nosa cultura experimentaron, nas últimas décadas, non unha evolución, senón un salto, ou unha mutación, de enormes consecuencias. Ignacio Ramonet, un europeo de Redondela, explica no seu libro *Un mundo sen rumbo* esas grandes transformacións:

Os efectos do progreso técnico e as consecuencias sociolóxicas da expansión durante o período 1945-1975 (éxodo rural e descristianización, culto ao ocio e liberación dos costumes, explosión dos medios audiovisuais e da comunicación) fixeron saltar estruturas espirituais seculares e destruíron referencias culturais moi antigas.

A miña foi unha xeración que chegou tarde a todo, e non pola nosa culpa, senón pola ditadura que nos tocou vivir. No plano cultural, todo foi máis terrible que o que as novas xeracións poden intuír a través dos libros ou das películas. Non falo xa do básico: da falta de liberdade, da ausencia de referentes, do adoutramento sistemático. Non, refírome a cuestións máis simples; por exemplo, non puidemos ler os autores que estaban renovando a literatura e o cinema en Europa e América, e tivemos que facelo tarde e a destempo.

O da miña infancia foi o tempo da ditadura, marcada por un férreo control ideolóxico e por unha asfixiante influencia da igrexa na vida cotiá. Todo o maxisterio fora depurado, aínda que nós entón nada sabíamos diso. Os maiores non falaban da guerra nin da represión. Os libros e os xornais tampouco, claro. A memoria histórica estaba cortada.

En Vilalba había Escolas Graduadas: clase de párvulos e tres clases de nenos e outras tantas de nenas. Grao elemental, medio e superior. Había instituto de bacharelato en tempos da República, pero suprimiuse tras a guerra.

Como era a escola? Pois a que vemos nos museos ou nas películas de época: con pizarra e pizarrín, e pluma e tinteiros nos pupitres; con ausencia de libros, e os que había eran escasos e vellos. Un deles, que liamos en voz alta case todas as tardes, era Escudo Imperial, un repaso delirante á historia de España. Ía frío, moito. Levabamos a leña da casa, para queimar na estufa ao redor da que nos xuntabamos os días de inverno.

Había mestres bos e mestres malos. Todos pegaban, moito. Uns por rutina, outros por sadismo. No meu caso, o mestre bo era don Félix, un aragonés que non sei como acabou en Vilalba. Comía caracois, algo insólito para nós, aínda que polo TBO sabíamos que existían persoas que os comían. A min daquela xa me gustaba inventar historias, seguramente porque lía, e el pedíame que as lese en voz alta. Teño a impresión de que nos trataba como seres humanos, algo que non podo dicir doutros.

Por eses anos, a finais dos cincuenta, á nosa escola comezaron a chegar unhas grandes latas cilíndricas que contiñan manteiga ou queixo e uns enormes bidóns de cartón prensado cheos de leite en po. Proteínas para un país empobrecido, como era daquela España, e que formaban parte da axuda económica que nos chegou tras os pactos de Franco con Eisenhower que permitiron a instalación das bases militares estadounidenses.

Parece que falo de hai séculos, pero é a realidade na que medrei. Se agora lembro aqueles anos con nostalxia é porque a infancia sempre a recordamos así, pois eramos felices á nosa maneira. Os xogos, os amigos, os primeiros amores. Pero, vista con obxectividade, era unha escola con todos os trazos do que hoxe coñecemos como educación propia do nacionalcatolicismo. Unha escola que desconfiaba dos libros e da lectura. Eu tiven a sorte de que os houbera na miña casa, pero outros dos meus compañeiros non.

O que non sabiamos era todo o que perderamos coa depuración e a represión do maxisterio, o inmenso retroceso daqueles anos. Estes días pasados estiven lendo o libro que publicou María Antonia Iglesias, *Maestros de la República*. É doloroso lelo, como son dolorosos outros libros que tratan da represión que se abateu sobre estes mestres e mestras. Eles son a testemuña do que non tivemos, do que perdemos. Lembra de don Gregorio, o mestre do conto de Rivas, «A lingua das bolboretas», e saberedes do que vos estou a falar.

### **As transformacións no ensino**

Entre en Maxisterio ao comezar a década dos 70. Tocoume vivir unha sociedade que vós xa estudastes nos libros: os últimos anos da ditadura. Para estudar Maxisterio tiñas que ter a autorización do párroco. Pero, aínda así, as cousas estaban a cambiar, xa se respiraba o aire do que veu despois.

E na Escola de Maxisterio daquela, efectivamente, convivía o vello e o novo. O vello que se resistía a acabar e o novo que pugnaba por abrir camiño. Os alumnos recibiamos moitas clases que sabiamos inútiles, pero nos corredores liamos e comentabamos libros que nos falaban dunhas ideas novas.

Desde o primeiro momento, desde que aínda non sabiamos que aquilo se podía chamar «renovación pedagóxica», a miña práctica docente tentou fuxir da esclerose, do inmovilismo, dos lugares comúns. Formei parte dun grupo de mestres e mestras (pequeno, todo hai que dicilo) que tentamos levar á práctica o que pensabamos: que a educación era unha ferramenta decisiva se queriamos cambiar o mundo e cambiar a vida.

Hoxe podo dicir que foi un proceso duro e apaixonante, que percorrín acompañado por outras persoas. Un proceso que significou ir abrindo camiños, equivocarse moitas veces e acertar plenamente outras. Neste sentido, debo dicir que poucas cousas quedaron sen experimentar na miña aula. Desde un Plan Dalton ata calquera das innovacións que nos chegaba a través dos libros da xente do M. C. E. italiano, pasando polas achegas de todo tipo que recolliamos nos libros e nas revistas que liamos. Porque sempre tiven claro que teoría e práctica teñen que manter entre si unha relación dialéctica, e que é un disparate disocialas.

Todo isto o vivín ao longo dunha etapa na que os cambios sociais e políticos foron moi intensos e afectaron en gran medida á educación: os últimos anos



do franquismo, a transición, o golpe de estado, o inicio da etapa autonómica, a expansión dos anos 80, da que sodes fillos e fillas, a revolución informática, o nacemento e expansión de Internet, a devastación da globalización neoliberal (esa que sempre se esquece de que somos cidadáns e nos trata como consumidores; desconfiade de que vos chamen «consumidores»).

A vós tocaravos vivir outra etapa distinta que tamén ha ter fitos que vos marcarán, aínda non sabemos cales.

A miña xeración colleu unha escola herdeira do franquismo, con moitas cousas malas que desapareceron, e outras que non dan desaparecido, que seguen presentes nas aulas hoxe, máis de 30 anos despois (a memorización, o ensino baleiro de contidos...)

Agora hai outra sociedade, comeza a haber outra escola, os nenos e nenas aparentemente son distintos (eu creo que o son só no externo, que no esencial son os mesmos que cando eu era neno). A sociedade está en profunda transformación. A educación era, e vai seguir sendo, clave nesa sociedade. Mudou o papel do ensino, e iso é algo que algúns non queren ver, e por iso falan de que a escola perdeu importancia. Perdeu importancia para algunhas cousas, claro; por exemplo, para a transmisión de información, para a transmisión de certos saberes, pero o papel da escola segue a ser decisivo. En función de como sexa o sistema educativo formaranse un tipo ou outro de persoas.

Fai falla unha escola nova, sempre fai falla. Non é casualidade que a comezos do século XX, cando a Pedagogía viviu en Europa e EUA a revolución ideolóxica e práctica que estudaredes estes anos, as persoas que a levaron a cabo lle chamasen o movemento da Escola Nova. Dewey, María Montessori, Decroly, Rosa Sensat... Veredes que soñaban unha escola acorde cos seus tempos e foron os pedagogos que marcaron a liña. A miña xeración soñou o mesmo ao final da ditadura, pois non hai táboa rasa, vimos dunhas ideas que se prolongan en nós. O mesmo que teredes que soñar vós nestes comezos do século XXI.

O certo é que unha sociedade distinta esixe unha escola distinta. E uns educadores distintos, con outra preparación acorde coas novas esixencias. Porque a sociedade cambiou, é innegable. Nós mollabamos a pluma na tinta; o primeiro bolígrafo chegou cando eu tiña 8 ou 9 anos. As bibliotecas eran inexistentes. A televisión chegou a Galicia cando eu xa tiña once ou doce anos.

A informática trouxo unha revolución importantísima. Vós xa medrastes nesa época, pero sabedes que historicamente é de onte mesmo. O meu primeiro ordenador con disco duro (20 megas) é do ano 1988, e daquela era unha revolución. E a aparición de Internet nas nosas vidas é de onte mesmo, de 1995. Por esa data debín de mandar eu o meu primeiro correo electrónico, aínda que antes xa experimentáramos algo semellante a través dun procedemento máis artesanal.



E mudaron as familias, e a ideoloxía que condenaba a muller á subordinación, e a igualdade de roles. Dunha sociedade autoritaria, xerárquica, clasista, selectiva, pasamos a unha sociedade democrática. E, en teoría, desexamos persoas preparadas, libres, críticas, capaces de pensar por si mesmas. É dicir, cidadáns e cidadás, non consumidores, como ás veces nos chaman.

E mudou o horizonte. Antes España estaba pechada, Galicia, exportaba emigrantes e o galego estaba proscrito da escola. Agora o horizonte é Europa, deféndese o plurilingüismo e o galego é lingua oficial. E Galicia comeza a ser tamén país de inmigración, de Marrocos a Senegal, pasando polo Ecuador.

Todo isto mudou, pero o esencial permanece: ser neno, medrar, ir facendo anos, abrirse ao mundo, aprender a entender a complexidade da vida e da natureza, saber como funcionan as cousas, entender a ciencia, entender como funciona a sociedade, saber convivir cos outros, exercitarse na liberdade, na responsabilidade, desenvolver o espírito crítico, saber buscar información, distinguir o que é certo do que non o é, non deixarse manipular, exercitarse na liberdade, na responsabilidade, no espírito crítico...

Cambian as circunstancias externas, pero o esencial permanece. E debes formarvos para ser os profesionais que demandará esta nova sociedade. Non vai ser a transmisión de coñecementos o que se vos pida. Pedirásevos que eduquedes, que aprendades a aprender, a desenvolver a intelixencia crítica ante a manipulación...

Con todo, eses cambios que apuntaba piden uns novos profesionais do ensino. O mestre que vimos buscando desde a renovación pedagóxica dos anos 70 e que aínda non acadamos. E supoño que algo vos terán que dicir os que foron os nosos guías: Piaget e os seus estudos, que revolucionaron as ideas de cómo aprendemos; Celestín Freinet, a quen eu tanto lle debo, pois foi quen máis inspirou o meu pensamento pedagóxico; a fantasía revolucionaria de Gianni Rodari; a lucidez ao lado dos desfavorecidos de Paulo Freire...

Hai moitos restos dun pasado que non nos gusta, como animais prehistóricos que sobrevivisen a todos os cataclismos: o ensino memorístico, a copia, os saberes inútiles, os modelos autoritarios...

Eu sigo crendo que a escola ten unha gran capacidade transformadora. Que desde ela é posible cambiar o mundo e cambiar a vida. Conseguir que o mundo sexa máis xusto e as persoas sexamos máis felices. A verdade é que os da miña xeración tiñamos unha gran fe na capacidade transformadora da escola. Todo nacía, penso eu, dunha constatación: o sistema educativo funcionaba mal, era profundamente antidemocrático, estaba esclerotizado, e había que tentar cambiar todo aquilo. Había que entrar de xeito decidido, enfrontándose ás prácticas autoritarias, enfrontándose á inxustiza, ao dogmatismo, á ignorancia e ao inmovilismo. Porque a renovación pedagóxica, se é verdadeira, é unha

práctica transformadora. Está para cambiar as cousas, para cambiar o mundo. Entendiamos que os cambios na sociedade ían poder ter máis efecto se nós cambiabamos a escola.

Había, daquela, algunhas cousas que nos marcaban. Primeiro, determinados acontecementos sociais. Pero tamén había outras cousas. Por exemplo, os libros, nunha época en que comezaba o desxeo da censura e chegaban ata nós libros que antes estaban prohibidos. Un que nos influíu poderosamente foi Carta a una maestra, escrito polos Alumnos da Escola de Barbiana, que dirixía o cura Lorenzo Milani. Foi un deses libros que xustifican a escritura, que serven para cambiar unha vida. A miña, polo menos. Habería que recomendar hoxe a lectura deste libro? Eu penso que si, aínda que quizais sexa droga dura, nestes tempos de ideoloxías light e pensamentos febles. Para min sería un libro de lectura absolutamente obrigada para todo ensinante. Igual que Gramática da fantasía de Gianni Rodari ou o Sempre en Galiza de Castelao, indispensable para coñecer as raíces socio-culturais deste país.

Nós arelabamos que o sistema educativo servise para corrixir as desigualdades sociais, para facer que as clases máis pobres, máis desfavorecidas, tivesen a posibilidades de se formar como persoas. Entendiamos que era necesario artellar un sistema educativo no que todas as persoas nos puidésemos desenvolver plenamente, en todas as dimensións; na que non tivesen cabida as discriminacións de orixe económica, ou de sexo, ou de raza, ou de relixión. Queriamos unha escola na que se dese unha formación plena, axeitada, desde unha perspectiva científica, que loitase contra o conformista «sempre se fixo así». Unha escola que non xerese fracaso, senón que desenvolvese as mellores capacidades que temos cada unha das persoas. Unha escola que contribuíse a ese avance social que este país aínda ten hoxe pendente en canto á recuperación plena dos seus sinais de identidade, coa lingua en primeiro e decisivo termo.

Quen podería dicir que esas loitas non seguen sendo necesarias? Malia os avances, innegables, os vellos problemas seguen aí, transformados, convivindo a carón doutros novos que foron agromando nestes anos: coma tal, o papel subordinado de todos os saberes que non xiren ao redor do feito tecnolóxico, a desvalorización do que non é útil de xeito inmediato, a omnipresenza dos produtos de consumo audiovisual, o descrédito do sistema público de ensino... A listaxe podería ser interminable.

### **Agora entrades vós**

A miña xeración xa tivo o seu tempo e o seu pulo. Os cambios, poucos ou moitos, que se deron na escola e están relativamente asentados, arrincan dunha intervención nosa. Foi moito o esforzo que deixamos na loita, pero tamén moitos os froitos acadados, aínda que estean esvaídos, difuminados, ou sexan, xa, de todos. Cambiamos o que puidemos, que non foi pouco.

Mais, a miña xeración xa non é o motor do cambio. Algúns dos mestres e mestras da miña xeración aínda seguen nas aulas, e que sigan por moito tempo, pero o pulo inicial xa non está coma antes, entre outras cousas porque o corpo che lembra a cada instante os límites. Consequimos avances, pero sobre eles teredes que construír vós.

Agora ten que entrar xente nova que recolla as bandeiras que seguen sendo válidas e faga ondear outras novas. Ese é o futuro, que non está escrito, pois teredes que escribilo vós. E de como o escribades dependerá, nalgunha medida, o rumbo que colla a educación na nosa sociedade. Tarefa difícil, comprometida, pero sempre apaixonante.

Ides xogar un papel insubstituíble, pois a educación é o motor que move o mundo. Aí quereirei vervos eu, traballando por unha sociedade máis xusta, máis solidaria, máis aberta e máis nosa, combatendo a sensación de desánimo que ás veces agroma ante unha realidade que acotío se encarga de nos pasar factura, de nos indicar a distancia entre a realidade e o desexo, entre os sonhos e a escola real.

Deixádeme que remate léndovos un poema, un dos que me acompañan desde hai anos e que podería recitarvos de memoria. É de José Ángel Valente, un europeo de Ourense, e ten o valor dun antídoto contra ese desánimo do que vos falaba.

NO hemos llegado lejos  
Pues con razón me dices  
Que no son suficientes las palabras  
Para hacernos más libres.  
Te respondo  
que todavía no sabemos  
hasta cuándo o hasta dónde  
puede llegar una palabra,  
quién la recogerá ni de qué boca  
con suficiente fe  
para darle su forma verdadera.  
(...)  
Pues más allá de nuestro sueño  
las palabras, que no nos pertenecen,  
se asocian como nubes  
que un día el viento precipita  
sobre la tierra  
para cambiar, no inútilmente, el mundo.